



INFORMACIÓN E NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

- **É obrigatorio ser puntual** na entrada ás clases.
- **Gardas:** se o profesor da materia está ausente, **sempre hai que esperar ao profesor de garda diante da clase.**
- No caso de ausencia dun profesor a 1º hora ou á última da mañá ou da tarde, permitírase aos alumnos de 3º, 4º de ESO e de Bacharelato chegar a segunda hora ou ausentarse do centro, sempre que os alumnos sexan avisados polo profesor de garda ou por algún membro do equipo directivo. **Os alumnos de 1º e 2º da ESO deben traer autorización dos pais.**
- **Non está permitido subir no ascensor.** Se se precisa facelo por prescripción médica, hai que ter un carné especial que se solicitará na xefatura de estudos.
- Coidarase a hixiene persoal de tódolos membros da comunidade escolar.
- Na Biblioteca **non se pode comer**, debéndose gardar aínda maior corrección que noutras dependencias do Centro: manterase **silencio** para facilitar o ambiente propicio de estudo.
- A asistencia a clase é **obrigatoria** en tódolos niveis. A xustificación por escrito das faltas de asistencia débese entregar ao titor no prazo máximo de 3 días. Os xustificantes irán asinados polo pai, nai ou titor legal. A consideración das faltas de asistencia como xustificadas ou non, compete exclusivamente ao titor do grupo, independentemente da xustificación documental ou familiar que teña aportado o alumno. As faltas debidas a mobilizacións ou folgas dos alumnos considéranse faltas sen xustificar. A ausencia a un exame só se pode xustificar con certificado médico. **Vinte faltas non xustificadas supoñen un apercibimento. No caso de chegar ao terceiro apercibimento, perderíase a escolaridade.**
- **Amoestacións:** é imprescindible ter un comportamento correcto, é dicir, respectar tódalas normas de convivencia do centro, respectar a toda a comunidade escolar: compañeiros, profesores..., traer o material a clase, realizar as tarefas segundo as directrices do profesorado...
- A asistencia ás actividades complementarias propostas polos departamentos é **obrigatoria**. A ausencia a actividade supón faltas de asistencia á clase.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
I.E.S. ADORMIDERAS

Juan Sebastián Elcano, 28 15002 A Coruña.
Teléfono: 981220512. Fax: 981222939

<http://www.edu.aytolacoruna.es/centros/iesadormideras>

- **Non está permitido fumar** en ningún lugar do recinto escolar. (Lémbrase que recinto escolar é tamén o patio e as escaleiras da entrada).
- **Recreos:** os alumnos de **1º e 2º ESO non poden saír do recinto do instituto**. Sempre hai un profesor de garda na hora dos recreos.
- **Taquillas:** hai que comprar un candado groso para a taquilla asignada. É necesario facerse responsables da taquilla, mantela limpa por dentro e por fóra e non ter obxectos de valor nela.
- **Non se pode ter móbiles, mp3..., encendidos nas clases.**
- **Todo alumno ten a obriga de entregar inmediatamente calquera obxecto prohibido polas normas do Centro, cando lle sexa requerido polo profesorado.**
- **O incumprimento de calquera destas normas levará consigo a sanción correspondente, tal e como se recolle no regulamento de réxime interno do Centro e na nova lei de convivencia.**
- Lembrade que hai un **Departamento de Orientación** para asesorarvos, tanto no proceso de aprendizaxe, como na elección do voso futuro académico e profesional.